



Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: Resolución de nomeamentos e formalización de contratos de persoal laboral fixo OEP complementaria do Concello de Vilasantar 2021

2022/E005/000003
2023/G003/000048

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que a acta de valoración dos procesos selectivos de data 27 de xaneiro de 2023 xunto coa resolución da Alcaldía, do día 1 de febreiro de 2023, foi publicada na páxina web do Concello de Vilasantar e nos taboleiros de edictos do concello de Vilasantar, dando cumprimento ao disposto nas bases polas que rexeron os procesos selectivos do Concello de Vilasantar para a selección de persoal laboral fixo para a oferta de emprego público complementaria do ano 2021, para a estabilización do emprego temporal, a través do sistema de concurso para 4 prazas de auxiliar de axuda no fogar, 1 praza de axente TIC, 1 praza de técnico en animación actividades deportivas, 1 praza de peón tractorista e mantemento, 1 praza de peón de mantemento e a través de concurso oposición 1 praza de auxiliar axuda no fogar a xornada completa e 1 praza de auxiliar axuda no fogar a xornada parcial, e non se presentaron alegacións.

Visto que os/as candidatos/as que obtiveron a maior puntuación foron:

DNI	Nome e apelidos	Denominación da praza
47****5C	Aída Bello Miras	Axente TIC
53****8R	Elisabet Rodríguez López	Técnico en animación actividades deportivas
32****0Q	Jose Manuel Boado Sánchez	Peón tractorista e mantemento
34****3L	Alberto Lavandeira Fontecoba	Peón de mantemento
32****0Z	M ^a Inés Ares Freire	Auxiliar de axuda no fogar
32****5Z	Concepción Mellid Espiñeira	Auxiliar de axuda no fogar
76****5C	Milagros Pérez Aller	Auxiliar de axuda no fogar
78****6T	Marisol Estraviz Pérez	Auxiliar de axuda no fogar
32****3Z	Lorena Cabanas Marin	Auxiliar de axuda no fogar
36****5J	M ^a Victoria Estraviz Castro	Auxiliar de axuda no fogar

Visto que todos os/as aspirantes con maior puntuación achegaron en tempo a documentación requirida nas bases.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:



Primeiro.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local

Segundo.- Aprobar a formalización dos contratos dos candidatos seleccionados como persoal laboral fixo do Concello de Vilasantar.

Terceiro.- Aprobar o nomeamento como persoal laboral fixo do Concello de Vilasantar aos seguintes:

DNI	Nome e apelidos	Denominación da praza
47****5C	Aída Bello Miras	Axente TIC
53****8R	Elisabet Rodríguez López	Técnico en animación actividades deportivas
32****0Q	Jose Manuel Boado Sánchez	Peón tractorista e mantemento
34****3L	Alberto Lavandeira Fontecoba	Peón de mantemento
32****0Z	M ^a Inés Ares Freire	Auxiliar de axuda no fogar
32****5Z	Concepción Mellid Espiñeira	Auxiliar de axuda no fogar
76****5C	Milagros Pérez Aller	Auxiliar de axuda no fogar
78****6T	Marisol Estraviz Pérez	Auxiliar de axuda no fogar
32****3Z	Lorena Cabanas Marin	Auxiliar de axuda no fogar
36****5J	M ^a Victoria Estraviz Castro	Auxiliar de axuda no fogar

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do Concello de Vilasantar e na páxina web municipal.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu a secretaria, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE